



LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Barcia Rodríguez, Ignacio
Blanco Pesqueira, Antonia
Costas González, Xosé Henrique
Estévez Toranzo, Margarita
Fernández Iglesias, Manuel
Fernández Jáuregui, Manuel
García Vázquez, Xosé Manuel
Lameiras Fernández, María
Longo González, M^a Asunción
Mato de la Iglesia, Salustiano
Valcije Álvarez, M^a Inmaculada
Vilán Vilán, Xosé Antonio

DECANOS/DIRECTORES

Alonso Carrera, Jaime
Arias Sánchez, Pedro
Barreiro Alonso, Enrique
Cabeza Pereiro, Jaime
De Lorenzo Rodríguez, Edita
García Fontán, Soledad
Gutiérrez Nieto, Manuel
Noia Campos, M^a Camiño
Pou Saracho, Juan María
Vila Alonso, Mercedes

PDI-A:

Caballero Rúa, Armando
Fernández Souto, Ana Belén
Grande Seara, Pablo
Graña Rodríguez, Ana María
Méjías Sacaluga, Ana María
Pereira Domínguez, Alejandro

PDI-B:

Fernández Covelo, Emma
Gil Villanueva, José María

ESTUDANTES:

Silveira Valledor, Manuel
Varela Martínez, Iago

PAS:

Mollinedo Lois, Carlos
Pérez Gómez, Luis

CONSELLO SOCIAL:

Pérez Mato, Federico

SINDICATOS:

Fernández Fernández, Federico

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Alba Castro, José Luis
Alén González, Elisa
Diez Ferrer, José Bienvenido
Fernández Suárez, Emilio Manuel
López Díaz, María
Pino Juste, Margarita

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 8 de febreiro de dous mil doce, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría.

O mércores día **8 de febreiro de 2012**, ás 10:05 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas da sesións ordinaria do 21 de decembro de 2011 e extraordinaria do día 26 de xaneiro de 2012.
2. Informe do Reitor.
3. Aprobación, se procede, das propostas de modificación de títulos de grao.
4. Aprobación, se procede, de novas propostas de títulos de máster universitario e doutor/a a implantar no curso 2012/13.
5. Aprobación, se procede, da adaptación do Regulamento de estudos de posgrao aos requisitos establecidos no *Real decreto 99/2011, de 28 de enero, por el que se regulan las enseñanzas oficiales de doctorado*, para a lectura de teses de doutoramento.
6. Aprobación, se procede, da convocatoria de anos sabáticos para o curso 2012/13.
7. Aprobación, se procede, da convocatoria do Programa especial de promoción do PDI da Universidade de Vigo, curso 2011/12.
8. Aprobación, se procede, da Normativa de recoñecementos docentes para o curso académico 2012/13.
9. Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas de extensión universitaria para o ano 2012.
10. Aprobación, se procede, da Normativa de centros de apoio á investigación da Universidade de Vigo.
11. Aprobación, se procede, da convocatoria de eleccións para a renovación parcial do Claustro Universitario.
12. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Hispanoamericana (Costa Rica) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad Hispanoamericana (Costa Rica) para o intercambio de estudantes – Convenio marco entre a Universidad de los Lagos (Chile) e a Universidade de Vigo (España) – Convenio específico de intercambio de estudantes entre a Universidad de los Lagos (Chile) e a

Universidade de Vigo (España) – Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Aveiro, a Universidade do Minho, a Universidade de Tras os Montes e Alto Douro, a Agencia Estatal Consejo Superior de Investigaciones Científicas e o Instituto Español de Oceanografía para levar a cabo, conxuntamente, a organización e desenvolvemento das ensinanzas oficiais do programa de doutoramento “Marine Science, Technology and Management (Do Mar)” dentro do proxecto de conversión a campus de excelencia internacional Campus do Mar – Convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo e a Universidade da Coruña para a realización do programa de doutoramento conxunto en nanomedicina.

13. Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, das actas da sesión ordinaria do 21 de decembro de 2011 e extraordinaria do día 26 de xaneiro de 2012.

Con respecto á acta ordinaria do 21 de decembro de 2010, D. Federico Fernández Fernández solicita a inclusión da pregunta sobre se hai algún cambio na xestión do plano de pensións logo da fusión das caixas galegas, e a resposta do vicerreitor de Economía e Planificación é que non ten constancia de que se teña producido ningún cambio na xestión do plano de pensións.

Acéptase a petición e engádese á acta.

Apróbase por asentimento.

A secretaria xeral somete a aprobación a acta da sesión extraordinaria do Consello de Goberno do día 26 de xaneiro de 2012.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do Reitor.

Toma a palabra o reitor para dar conta, en primeiro lugar, da última sesión da CRUE, celebrada o 18 de xaneiro, e maila reunión do Consejo de Universidades, o día 19 de xaneiro. Destaca que ambas as dúas reunións tiveron lugar na cidade de Salamanca. A sesión do Consejo de Universidades tivo un contido eminentemente protocolario, xa que, por un lado se anunciou o nomeamento do novo Ministro de Educación, D. José Ignacio Wert, e polo outro, se fixo unha declaración de apoio institucional do sistema universitario español á celebración do VIII centenario da fundación da Universidade de Salamanca.

O reitor continúa dando conta do borrador da Lei do Sistema Universitario de Galicia; destaca que a versión actual é un borrador non comunicado oficialmente, non obstante, ofreceuse ás universidades a posibilidade de facer alegacións e suxestións antes do 30 de xaneiro. Posteriormente, convocouse as vicerreitoras e vicerreitores de profesorado a unha reunión para integrar nun único documento as distintas propostas. O reitor informa que, unha vez que estea elaborado o documento final, será remitido oficialmente á Universidade, quen a trasladará ao Consello de Goberno para debater e lograr unha proposta conxunta, nun intento de aproveitar a oportunidade para introducir no proxecto cuestións que non están desenvolvidas na LOMLOU.

Continúa, informando sobre a constitución da rede de campus de excelencia CEI_MARNET en Cádiz o pasado 24 de xaneiro. A constitución desta rede foi unha proposta do reitor no Consejo de Universidades o pasado ano, e que recibiu o apoio do anterior secretario de Universidades, Marius Rubiralta. O reitor di que é unha alianza científica potente para consolidar o liderado europeo en formación, investigación e transferencia no ámbito oceanográfico dende unha perspectiva interdisciplinar. O reitor sinala que o seguinte paso será definir e presentar ante o Ministerio un plan estratéxico, no que se marque o rumbo a seguir nesta etapa post campus de excelencia, ademais de definir a sistemática de networking ou de traballo en rede que se seguirá a partir de entón.

Punto 3. Aprobación, se procede, das propostas de modificación de títulos de grao.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen informa que son tres centros os que solicitaron modificacións nas memorias aprobadas pola ANECA. A vicerreitora enumera os centros, os graos e as modificacións solicitadas, e informa do cumprimento dos trámites preceptivos (logo de aprobación polo centro e exposición pública da memoria contendo as modificacións).

No que respecta á Escola de Enxeñaría Industrial, foron obxecto de modificacións as memorias das seguintes titulacións:

- Grao de Enxeñaría Química Industrial
- Grao de Enxeñaría en Electrónica e Automática
- Grao en Enxeñaría Eléctrica
- Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías Industriais
- Grao en Enxeñaría Mecánica
- Grao en Organización Industrial

Na Escola de Enxeñaría Informática:

- Grao en Enxeñaría Informática

No que se refire á Escola de Enxeñaría de Telecomunicación:

- Grao en Enxeñaría de Tecnoloxía de Telecomunicacións

Intervén o Prof. Enrique Barreiro para facer unha puntualización sobre os créditos ECTS do TFG.

Punto 4. Aprobación, se procede, de novas propostas de títulos de máster universitario e doutor/a a implantar no curso 2012/13.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen comeza por recordar o acordo tomado polo Consello de Goberno na súa sesión de 29 de marzo de 2011 sobre implantación de titulacións de máster e doutor para o curso 2012/2013.

Sinala, que a entrada en vigor da Lei 34/2006, de 30 de outubro, sobre o acceso ás profesións de avogado e procurador dos tribunais e o seu regulamento, obrigan a todo aquel

licenciado ou graduado en Dereito que queira exercer a avogacía a superar un máster universitario de 60 créditos, máis unha parte práctica doutros 30. En cumprimento desta normativa, sometese a aprobación o Máster universitario da Avogacía organizado pola Facultade de Dereito do Campus de Ourense e a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo do Campus de Vigo, en colaboración cos Colexios de Avogados de Ourense e Vigo. A vicerreitora explica o procedemento seguido na elaboración da memoria, a composición paritaria da Xunta de Titulación encargada de aprobar a memoria e a exposición pública na web. As alegacións recibidas foron discutidas na Xunta de Titulación. Subliña que se trata dun posgrao profesionalizante, no que participan de forma paritaria os colexios de avogados e os centros, xa que, a realización do máster conduce á posibilidade de presentarse ao exame de Estado como requisito previo e preceptivo para exercer a avogacía.

Intervén o Prof. Pablo Grande Seara para dicir que as alegacións permiten mellorar a memoria e non prexudican a ninguén; pide que, en consonancia coa súa opinión manifestada na Xunta de Titulación, conste en acta a súa abstención.

Intervén o Prof. Jaime Cabeza para destacar que hai un amplo consenso na Xunta de Titulación e que as alegacións supoñen unha porcentaxe de cambios moi pequena.

Apróbase por asentimento.

A vicerreitora somete a aprobación o programa de doutoramento "Marine Science, Technology and Management". A vicerreitora subliña que é un programa de doutoramento internacional impulsado polo Campus do Mar no que interveñen as tres universidades galegas, varias do norte de Portugal, o CSIC e o Instituto Español de Oceanografía.

Toma a palabra o reitor para dicir que a aprobación deste programa de doutoramento e un motivo para felicitaros, xa que esta iniciativa era un gran reto.

Apróbase por asentimento.

Para rematar, a vicerreitora somete a probación o programa de doutoramento en Nanomedicina, que será coordinado pola USC, no que participarán as tres universidades galegas, así como o Instituto de Nanotecnoloxía de Braga.

Apróbase por asentimento.

Punto 5. Aprobación, se procede, da adaptación do Regulamento de estudos de posgrao aos requisitos establecidos no *Real decreto 99/2011, de 28 de enero, por el que se regulan las enseñanzas oficiales de doctorado*, para a lectura de teses de doutoramento.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen di que a normativa que se presenta obedece á necesidade de adaptar o Regulamento de estudos de posgrao ao Real decreto 99/2011 de doutoramento. Este decreto contempla que o réxime relativo a tribunal, defensa e avaliación das teses de doutoramento é aplicable a partir dun ano da súa entrada en vigor. Por iso, é necesario realizar algunha modificación no Título VII do Regulamento de Estudos Oficiais de Posgrao.

A vicerreitora resume os aspectos máis significativos da reforma proposta pola Comisión de Estudos de Posgrao:

- a asignación da figura de titor ou titora.
- a presentación da tese en formato electrónico na solicitude de admisión a trámite.
- tempo de exposición pública e transcurso do período de depósito.
- a posibilidade de participar na tese por videoconferencia.
- modificacións nos requisitos esixidos para a dirección dunha tese.
- prazo máximo para a defensa de tese una vez autorizada
- oito membros en lugar de dez no tribunal
- garantía da paridade no tribunal
- variacións na cualificación da tese (apto/non apto)
- requisitos para tese por compendio de artigos
- mención Internacional en lugar de Mención Europea

Intervén o Prof. Armando Caballero para propor a redución na composición do tribunal de tese de cinco membros a tres. Varios membros do Consello de Goberno apoian esta proposta. Despois dun debate neste sentido, acórdase continuar con cinco membros e pasar a tres membros no momento da reforma xeral do regulamento de estudos de posgrado.

O profesor Armando Caballero propón que a posibilidade de usar a videoconferencia na defensa das teses de doutoramento teña un carácter excepcional. Apróbbase.

Intervén o Prof. Alejandro Pereira para sumarse á proposta do Prof. Armando Caballero e para preguntar se se pide tamén un sexenio para os membros do tribunal.

Responde a vicerreitora que se esixe un sexenio ou acreditar produción investigadora equivalente, que non se contemplou esta esixencia para ser membro dun tribunal, que é certo que algunhas universidade esixen requisitos alternativos para formar parte do mesmo.

Intervén o Prof. Juan Pou indicando que se podería esixir, para a defensa da tese, ter publicado algún artigo indexado en JCR. A vicerreitora respóndelle que este requisito non pode ser esixido con carácter xeral para todos os ámbitos de coñecemento.

Intervén o reitor para dicir que o estudo das propostas terá lugar no debate da reforma global do futuro regulamento

Intervén o Prof. Pablo Grande para preguntar a diferenza entre titor e director; tamén pregunta sobre a obrigatoriedade de asumir a dirección dunha tese doutoral.

Intervén a vicerreitora para dicir que ao titor lle corresponde fixar e facer o seguimento do bloque de actividades do doctorando, e que corresponde á comisión académica asignar o titor ou titora e o director ou directora.

Apróbbase por asentimento a reforma da normativa contida no **Anexo I**.

Punto 6. Aprobación, se procede, da convocatoria de anos sabáticos para o curso 2012/13.

O reitor cede a palabra a vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen expón a proposta de convocatoria para anos sabáticos 2012/2013. Respecto ás condicións da convocatoria, di que a normativa que trae para a súa aprobación é análoga á

do ano anterior; manifesta que conta co informe favorable da COAP e que, de aprobarse a normativa, o prazo para a presentación de solicitudes finalizaría o 2 de marzo de 2012.

Apróbase por asentimento a normativa contida no **Anexo II**.

Punto 7. Aprobación, se procede, da convocatoria do Programa especial de promoción do PDI da Universidade de Vigo, curso 2011/12.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen informa de que o documento que se somete a aprobación é unha nova convocatoria do programa especial de promoción do persoal docente e investigador da Universidade de Vigo, curso 2011/2012.

A vicerreitora recorda que o equipo de goberno adoptou o compromiso de manter o mesmo tipo de convocatoria durante dous ou tres anos, razón pola cal se repite a estrutura da convocatoria, aínda que con algunhas variantes sobre o número de prazas.

A vicerreitora informa de que o número de prazas convocadas é de 13. Di que, para a asignación de prazas, se utilizará o criterio de asignar como mínimo unha praza aos campos temáticos utilizados pola CNEAI (Comisión Nacional Evaluadora da Actividade Investigadora). Tamén explica o procedemento de asignación de prazas. A vicerreitora solicita ao Consello de Goberno unha ampliación do prazo para presentar as solicitudes.

Intervén o Prof. Jaime Cabeza para anunciar o seu voto en branco; pide que conste en acta que o equipo de goberno teña en conta aos profesores que esgotaron os seus contratos sen posibilidade de consolidar a súa situación laboral. Di que o seu grupo rexeita o plan de promoción porque é un documento para saír do paso, na súa opinión as prazas deberían saír tamén en centros con déficit de persoal.

O reitor responde que entende os seus comentarios, pero que este ano os números non dan para moito máis, que non é un problema derivado da normativa, se non, do escenario económico no que estamos involucrados.

Intervén o Sr. Federico Fernández para dicir que fala como portavoz da CIG; transmite o desexo de que salgan máis prazas, pero que considera positivo que non se cambie o baremo nin as condicións xa que iso dá seguridade.

O reitor responde que a convocatoria foi presentada na Mesa de PDI e que o número de prazas está calculado atendendo ao número de profesores que poden optar a elas.

Intervén a Prof^a Enma Covelo para dicir que lle gusta o plan actual. Ao mesmo tempo, interésase sobre cales serán as perspectivas de contratación unha vez que se esgoten estas convocatorias.

Procédese á votación:

Votos a favor: 29

Votos en contra: 0

Votos en branco: 4

Apróbase por maioría a normativa contida no **Anexo III**.

Punto 8. Aprobación, se procede, da Normativa de recoñecementos docentes para o curso académico 2012/13.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen comeza explicando que no documento presentado contabilizáronse o recoñecemento en POD de actividades do persoal docente e investigador para o curso 2012/13.

A idea do equipo de goberno é que, a pesar de que o borrador de Estatuto de PDI está paralizado, é necesario proceder á elaboración do novo regulamento de profesorado, no que se establecerán as directrices para o deseño do recoñecemento e rexistro do conxunto de actividades do PDI. A vicerreitora informa de que o regulamento será discutido e levado ao Claustro.

A vicerreitora di que o importante é concienciarse de que o profesor traballa 1650 horas ao ano, pero a única compoñente regulada é a das 240 horas de actividade docente básica para o profesor a tempo completo, que son as que quedan reflectidas no POD. É preciso incluír no futuro esquema de recoñecementos o rexistro de todas as actividades académicas do PDI: docencia, investigación, transferencia de coñecemento e xestión.

Mentres non se elabora o novo regulamento de profesorado, e cara ao vindeiro curso, tómase como partida a normativa aprobada para o curso 2011/2012. Propóñense algunhas reformas que van na liña da filosofía que se expuxo ao principio. Enumera o que son, ao seu xuízo, os cambios máis destacados. Teñen que ver cos recoñecementos ligados ao apoio de ensinos de posgrao; informa de que as bolsas de recoñecemento dos programas de doutoramento están ligadas aos resultados alcanzados nas convocatorias de excelencia. Redúcense os recoñecementos como apoio a actividades de I+D (apoiado a grupos de referencia competitiva e grupos que lideran proxectos europeos Cénit e Consolider) e os recoñecementos por sexenios. A vicerreitora tamén explica as novidades nos recoñecementos por cargos de xestión e por apoio ao practicum.

Ábrese unha rolda de intervencións:

Intervén o Prof. Juan Pou para dicir que os ámbitos de coñecemento teñen problemas diversos e que a nova normativa debería contemplar as singularidades do traballo fin de grao nas enxeñarías e traducilo en recoñecemento.

Intervén o Prof. Pablo Grande para preguntar polo recoñecemento nos másteres de recente implantación, que por non ter o número de teses esixidas non poden optar á mención de excelencia.

A vicerreitora responde que dentro do recoñecemento como apoio a ensinanza de posgrao tamén están contemplados os másteres que teñen mención de calidade interna, como son os programas que tiveron a mención de calidade na ANECA pero non alcanzaron a mención de excelencia, así como aqueles programas que solicitaron a mención de excelencia pero alcanzaron unha puntuación inferior á necesaria para obter o informe favorable da ANECA.

Intervén o Sr. Federico Fernández para sinalar que as pautas que se lles dan aos centros para a distribución das bolsas de recoñecemento docente que son da súa competencia non deberían ser tan heteroxéneos. Non é partidario de que os centros teñan tanta autonomía. Pide que se faga un esforzo para que os criterios sexan máis obxectivos. Considera insuficiente o recoñecemento dos traballos fin de grao.

A vicerreitora responde que o tema xa foi debatido na mesa de PDI. En todo caso, sinala que a distribución debe facerse cos criterios que se aproban na xunta de centro.

Intervén o Prof. Jaime Cabeza para dicir que é un documento decepcionante e extemporáneo; di que, nas súas liñas básicas, é continuísta, considera inxusto o tratamento da docencia en posgrao, na súa opinión, prémíase cada vez menos a actividade investigadora. Pide que se publiquen os recoñecementos na páxina web.

Intervén o reitor para dicir que a idea é levar un novo regulamento de profesorado ao próximo Claustro no que se traten os temas que, como declaración de intencións, figuran recollidos no preámbulo da normativa que se somete a aprobación.

Intervén a Prof^a Edita de Lorenzo para expresar que o documento segue unha liña continuísta co presentado o ano anterior; pide aclaracións sobre o punto 1.a da normativa, relativo ao recoñecemento por apoio directo a actividades de coordinación, organización docente e calidade.

Intervén o reitor para dicir que, diante dos posibles cambios legislativos, ao principio do mandato non se considerou prudente avanzar no regulamento de profesorado. Agora, en paralelo á aplicación desta normativa, o equipo de goberno segue a traballar na elaboración do novo regulamento, que espera levar ao Claustro o vindeiro verán.

Sométese a votación:

Votos a favor: 24

Votos en contra: 5

Votos en branco: 2

Apróbbase a normativa contida no **Anexo IV**.

Punto 9. Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas de extensión universitaria para o ano 2012.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Extensión Universitaria, quen pasa a expor as normativas para o ano 2012 en materia de axudas de extensión universitaria para as seguintes actividades: actividades extra-académicas e de difusión cultural, axudas para accións participativas e asociacionismo e cursos de extensión universitaria.

Sinala que a normativa non experimentou variacións respecto da convocatoria anterior, salvo os recortes experimentados por necesidades orzamentarias nas axudas para accións participativas e asociacionismo.

O vicerreitor informa que o documento que se presenta foi aprobado na Comisión de Extensión Universitaria.

Intervén a Prof^a Edita de Lorenzo para dicir que se deberían xustificar algúns recortes.

Intervén o reitor para dicir que a Vicerreitoría de Extensión Universitaria foi a que experimentou máis recortes.

Intervén o Sr. Manuel Silveira para opinar que os recortes nas axudas de extensión universitaria deben facerse con prudencia, pois esta modalidade de axudas son importantes para os estudantes.

Apróbase por asentimento a normativa contida no **Anexo V**.

Punto 10. Aprobación, se procede, da Normativa de centros de apoio á investigación da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, quen expón que a normativa que se presenta a aprobación por este Consello de Goberno ten por obxectivo marcar as pautas xerais de funcionamento dos centros de apoio á investigación da Universidade de Vigo.

Estes centros defínense como aqueles que prestan apoio instrumental, científico e tecnolóxico en calquera ámbito de coñecemento nos labores de investigación, desenvolvemento e innovación realizadas na Universidade de Vigo, outros organismos públicos e empresas, proporcionando equipos e instalacións cuxa especificidade, nivel tecnolóxico ou custo fan aconsellable a súa xestión centralizada.

A normativa describe os obxectivos e funcións destes centros, o procedemento a seguir para a creación de novos centros de apoio, a súa estrutura organizativa, e pautas xerais de funcionamento. En todos estes aspectos, establécense directrices xerais, que poderán ser desenvolvidas de modo máis detallado en normativas de funcionamento interno específicas de cada centro e adaptadas ás súas respectivas especificidades.

Adicionalmente, indícanse como anexo os centros de apoio á investigación actualmente existentes na Universidade de Vigo, e aos que polo tanto, esta normativa sería de aplicación.

Para rematar, é importante mencionar que esta normativa foi aprobada por unanimidade na Comisión de Investigación de 31 de xaneiro de 2012.

Apróbase por asentimento a normativa contida no **Anexo VI**.

Punto 11. Aprobación, se procede, da convocatoria de eleccións para a renovación parcial do Claustro Universitario.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Relacións Internacionais en calidade de presidente da Comisión Electoral, quen pasa a informar da normativa electoral. Sinala, que o artigo 39.n dos Estatutos establece que lle corresponde ao Consello de Goberno a

convocatoria de eleccións para a renovación total ou parcial do Claustro; que, por outra banda, o artigo 33 dos Estatutos dispón que os membros do Claustro Universitario serán elixidos por 4 anos, excepto ou alumnado, que o será por 2 anos.

O vicerreitor informa que non ano 2010 se convocaron eleccións para a renovación total do Claustro Universitario, polo que, de acordo co mencionado artigo 33, este ano é necesario convocar eleccións para a renovación do sector estudantes, o que supón a renovación parcial do Claustro Universitario.

Tendo en conta que o artigo 4 do Regulamento do Claustro Universitario dispón que a convocatoria de eleccións a realiza o reitor, despois da reunión da Mesa do Claustro, e que a Comisión Electoral elaborará o calendario, o censo e o procedemento electoral, esta Secretaría Xeral solicita ao Consello de Goberno a súa autorización para que se proceda á convocatoria da renovación parcial do Claustro Universitario.

Apróbase por asentimento.

Punto 12. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Hispanoamericana (Costa Rica) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad Hispanoamericana (Costa Rica) para o intercambio de estudantes – Convenio marco entre a Universidad de los Lagos (Chile) e a Universidade de Vigo (España) -- Convenio específico de intercambio de estudantes entre a Universidad de los Lagos (Chile) e a Universidade de Vigo (España) – Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Aveiro, a Universidade do Minho, a Universidade de Tras os Montes e Alto Douro, a Agencia Estatal Consejo Superior de Investigaciones Científicas e o Instituto Español de Oceanografía para levar a cabo, conxuntamente, a organización e desenvolvemento das ensinanzas oficiais do programa de doutoramento “Marine Science, Technology and Management (Do Mar)” dentro do proxecto de conversión a campus de excelencia internacional Campus do Mar – Convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo e a Universidade da Coruña para a realización do programa de doutoramento conxunto en nanomedicina.

Apróbanse por asentimento.

Punto 13. Rogos e preguntas.

Intervén o señor Federico Fernández preguntando pola situación dos profesores asociados LRU a tempo completo con contrato administrativo, pois finalizan o contrato no mes de maio.

Responde a vicerreitora que os asociados a tempo completo, segundo a transitoria cuarta da LOU, despois do 3 de maio non poderían seguir con contrato administrativo. Das universidades galegas, a de Vigo é a menos afectada. Verase cada caso concreto, pero haberá que esperar ao final de curso académico.

Intervén o Prof. Alejandro Pereira para preguntar pola reclamación da produción científica do ano 2008/2009 e polas partidas de transferencia de coñecemento, que se

aprobaron nun pasado Consello de Goberno; e por último, para felicitar pola non redución das bolsas de mobilidade, aínda que iso implique un reembolso posterior.

Intervén a vicerreitora de Investigación para informar que se está comezando a tramitar o pago, e ademais un adianto da produción científica da convocatoria 2009/2010.

Responde o vicerreitor de Transferencia para dicir que hai un compromiso real e que o quebranto para o profesor será o menor posible.

Intervén o Prof. Enrique Barreiro para dicir que a maioría dos profesores e profesoras perciben os cargos de xestión como un parón na súa carreira académica e que deberían contabilizarse a efectos de concesión de anos sabáticos.

Intervén o reitor para dicir que comparte a súa reflexión sobre a dedicación que supón asumir un cargo de xestión.


Intervén o Prof. Armando Caballero para preguntar se se debateu no Consejo de Universidades un cambio de modelo no esquema do grao e posgrao e a opción entre 4+1 ou 3+2.

O reitor contesta que o ministro non dixo nada; que non cre que estean pensando en cambiar o modelo; que pola contra se incidirá na calidade e na excelencia, pero que é demasiado prematuro para aventurar calquera cambio.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:30 horas do día 8 de febreiro de 2012 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e prace do Reitor.

O Reitor

 Salustiano Mato de la Iglesia

A Secretaria Xeral

 M. Inmaculada Valeije Alvarez